

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 38

ano 6

xaneiro-febreiro 2012

Os arquivos municipais (V) AS ORDENANZAS


O día 16 de xullo de 1562 reuníanse a xustiza e rexedores da **cidade de Ourense** “adentro de las casas consistoriales et ayuntamiento della” para tratar das “cosas útiles et provechosas ... al **vien et procomún** de la dicha çiudad ...”. A corporación municipal examinou as ordenanzas de 1556, vixentes daquela, “para ber y declarar si las dichas hordenanças estaban **buenas e justas** o en ellas avía que añadir y quitar para que la dicha çiudad et vezinos della fuesen bien gobernados y no reçibiesen agravio”. Tras examinalas, a corporación considerounas axustadas á realidade do momento e acordou confirmalas, declarando que “dende ahora en adelante, para todo tiempo de siempre jamás, fuesen guardadas y cunplidas y executadas como sienpre hasta ahora fueron usadas e guardadas”.

Ao longo de 17 folios, estas “**Ordenanças tocantes a la buena gobernaçion** desta çiudad y su república” regulan boa parte das cuestións da vida urbana: usos e costumes, orde pública, pesos e medidas, prezos, abastos, limpeza e hixiene de rúas, prazas, camiños e fontes, protección de cultivos, goberno do concello, etc. Este tipo de regulamentos municipais que abranguen tal diversidade de materias reciben o nome de **ordenanzas xerais** e recompilan **ordenanzas particulares** anteriores que foran ditadas ao longo do tempo para resolver asuntos concretos. Do Concello de Ourense, as ordenanzas xerais máis antigas que se conservan datan de 1427 e foron revisadas cada certo tempo para actualizalas incorporándolle novas ordenanzas particulares.

A **publicación** das ordenanzas correspondíalle ao **pregoeiro** que as lía nas prazas da cidade “a altas voces, en presenza de muchos vezinos y moradores”, exhortando a que fosen cumpridas. Esta lectura pública reforzábase política e xuridicamente coa presenza das autoridades municipais e do **escribán** do concello, respectivamente. Este levantaba acta do pregón e asentaba a normativa no **libro de ordenanzas** da cidade, de onde procede o documento reproducido á dereita que corresponde ao inicio da acta das ordenanzas de 1562. Co pregón informábase solemnemente aos veciños do contido das ordenanzas para que non puidesen alegar ignorancia en caso de infrinxilas, e coa acta

notarial fixébanse por escrito en aras da seguridade xurídica.

Desde a Idade Media, os concellos veñen ditando ordenanzas para regular os asuntos nos que foron ou son competentes, de xeito que poden considerarse a principal expresión da **potestade normativa municipal**. Durante séculos foron o instrumento co que se procurou harmonizar a convivencia das comunidades urbanas regulando todo tipo de actividades. Por iso reflicten con especial expresividade significativos aspectos da **vida cotiá** das vilas e cidades do pasado.



1562, xullo, 16. Ourense
Ordenanzas xerais da cidade de Ourense de 1562 asentadas no libro de ordenanzas da cidade.
Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 210x 303 mm.
AHPOu. Concello de Ourense, Libro 244.

As ordenanzas medievais

Entre os séculos XII e XIII, os reis outorgaron privilexios e **foros municipais** a vilas e cidades nos que se facía unha sinxela regulación do funcionamento destas comunidades. Pero durante os séculos XIV e XV, conforme se fixo máis complexa a vida urbana, eses foros necesitaron complementarse con normativa específica que dese resposta ás novas realidades que ían xurdindo. Os concellos comezaron a regular esas novidades e deron lugar ás **ordenanzas** municipais, unha tipoloxía xurídica que acabou por suplir aos vellos foros.

Nesa época, a potestade de ditar ordenanzas non recaía en exclusiva no concello. A **Coroa** e os **señores xurisdiccionais** tamén exercían ese dereito. Por iso o bispo de Ourense, como señor da cidade, emitiu ordenanzas ou tomou a iniciativa de redactalas en compañía do concello. Así, entre as ordenanzas medievais ourensás, algunhas foron emitidas unilateralmente polo prelado, outras polo concello e outras por ambas instancias conxuntamente. Na redacción tamén podían participar cóengos da Catedral e representantes do oficio ou actividade que se ía regular (carniceiros, zapateiros ...). Unha vez redactadas necesitaban a confirmación do bispo e o encargado da súa custodia era o **escribán** do concello.

Estas ordenanzas medievais poden atoparse en documentos soltos pero o máis habitual é que estean nos **libros de acordos** do concello xa que neles se insire o texto íntegro na acta do día no que foron aprobadas. A estrutura dunha ordenanza é a seguinte: imponse ou prohibese unha determinada conduta e establécese a sanción aplicable a quen a incumpra. As sancións adoitan consistir en penas de **multa** ou **cárcere**, aínda que algunhas infraccións tamén poden sancionarse con castigos corporais e/ou morais como recibir **azoutes** ou ser exposto na **picota** á vergoña pública.

As ordenanzas modernas e contemporáneas


Dende 1571 a Coroa nomeou **correxedor** para Ourense de maneira ininterrompida, polo que dende esa data pasou a ser *de facto* cidade do rei (é dicir, de **reguengo**, aínda que ata 1628 non o sexa de dereito) e o señorío episcopal quedou en suspenso: o bispo perdeu a potestade normativa sobre a cidade, e o correxidor, en nome do rei, puido ditar ordenanzas.

Para dotar de maior seguridade á normativa local, os **Reis Católicos** ordenaron aos concellos en 1501 “que hagan un libro de papel de marca mayor en que se escriban todas las cartas y ordenanzas”, de xeito que durante a Idade Moderna se elaboraron libros específicos para asentar esa normativa e se recompilaron as ordenanzas anteriores aínda vixentes. O **libro de ordenanzas** do Concello de Ourense que protagoniza este número de *Fronda* confeccionouse en cumprimento daquel mandato real. Nesta época algunhas localidades des tamén imprimiron as súas ordenanzas.

Durante as épocas medieval e moderna, a amplísima autonomía municipal permitíulle a cada concello

crear o seu propio ordenamento sobre as materias sobre as que era competente; polo que, ao final do Antigo Réxime, o ámbito municipal español (como tantas outras instancias de poder) era un mosaico de **espazos xurídicos diversos**.

A definitiva implantación do **Estado liberal** dende os anos trinta do século XIX, supuxo a restrición da autonomía dos concellos e, polo tanto, da súa capacidade normativa. Tamén rematou con aquela diversidade do dereito local que caracterizara ás épocas medieval e moderna, xa que boa parte das materias antes reguladas polos concellos pasaron a estalo pola normativa estatal. Non obstante, as ordenanzas continuaron sendo a principal canle de expresión xurídica dos concellos, se ben perderon peso no conxunto normativo que regula o goberno dos municipios.



Ordenanza na que se prohibe aos taberneiros e viñateiros a mestura de viño de distintas calidades, so pena de ser condenados á vergoña pública e ao pago dunha multa (setena). Ordenanzas xerais da cidade de Ourense de 1562. AHPOu, *Concello de Ourense*, L. 244.

O valor histórico das ordenanzas

En resumo, ao longo do tempo as ordenanzas regularon a organización e funcionamento do concello, a sanidade e hixiene públicas, a vida económica (actividades comerciais e artesanais, fixación de prezos e salarios ...), a orde pública, o abasto de produtos de consumo, o control do urbanismo, a policía rural (mantemento de camiños, protección de cultivos...), etc.

Na medida en que unha ordenanza explica o problema que quere resolver ou regular, está informando sobre esa cuestión e dando claves que axudan a entender as sociedades do ámbito urbano. Por iso son unha fonte fundamental para calquera estudo histórico sobre as **comunidades urbanas** e sobre a **administración municipal**, xa sexa con alcance máis ou menos xeral ou referido a unha determinada localidade. Tamén son fonte imprescindible para a **Historia do Dereito** ou para a **Historia Económica** nas súas vertentes locais, en especial para as idades Media e Moderna.